



Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as empresas Lonza Biologics Porriño S.L. e CZ Veterinaria S.A., para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas

Memoria xustificativa

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **declara:**

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria formalizou coas empresas Lonza Biologics Porriño S.L. e CZ Veterinaria S.A., o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 15 de setembro de 2016 ata o 15 de setembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as empresas Lonza Biologics Porriño S.L. e CZ Veterinaria S.A para a implantación dun proxecto experimental de formación profesional dual na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta formación profesional dual combinará os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións das empresas Lonza Biologics Porriño S.L. e CZ Veterinaria S.A e no centro educativo CIFP Manuel Antonio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

As empresas Lonza Biologics Porriño S.L. e CZ Veterinaria S.A están dispostas a participar no proxecto de implantación da formación profesional dual en Galicia,





acolléndose á modalidade regulada no artigo 3.1, alínea b), do Real decreto 1529/2012 -formación coa participación da empresa-, na que esta facilita aos centros de formación os espazos, as instalacións ou as persoas expertas para impartir total ou parcialmente determinados módulos profesionais ou módulos formativos.

O alumnado participante será beneficiario de bolsas, non terá en ningún caso vinculación laboral coa empresa e non poderá establecerse entre esta e aquel ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación e a aprendizaxe, previsto no artigo 11 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, polo que o alumnado acollido a este réxime de bolsas queda absolutamente excluído da lexislación laboral.

Este proxecto de formación profesional dual, que é de carácter experimental, ten as seguintes características:

- a) Este proxecto toma como referencia as ensinanzas do ciclo formativo de grao superior reguladas no Real decreto 832/2014, de 3 de outubro, polo que se establece o título de técnico superior en Fabricación de Produtos Farmacéuticos, Biotecnolóxicos e Afíns e se fixan a súas ensinanzas mínimas.
- b) Terá como duración desde o 15 de setembro 2016 ata o 15 setembro de 2018.
- c) A formación impartirase de xeito compartido entre o centro educativo e a empresa asinante, garantindo a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos no título do ciclo formativo de Fabricación de Produtos Farmacéuticos, Biotecnolóxicos e Afíns e a obtención do título correspondente.
- d) Ademais, atendendo ás características das empresas, o segundo ano de vixencia deste proxecto dedicárase un 5 % do tempo de estadía do alumnado na empresa á formación complementaria á establecida, para reforzar a formación do alumnado e mellorar a súa empregabilidade.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

